

Literatura para unha noite máxica

A vida apoteósica é o título da última novela de Bieito Iglesias. A acción transcorre en Santiago, nesa noite especial do 24 onde se xuntan vicios, esperanzas, gana de esmorga e devaneo político.

- 17:05 20/07/2001

A figura do dragón sobrevoa, a única cidade da redonda orientada ó crepúsculo. Así comeza Bieito Iglesias unha novela onde hai delincuentes sensitivos e prostitutas sentimentais (o que Nabokov chama “literatura sensacionalista”); pero isto é a penas o folión que inicia a festa da noite do 24 de xullo en Compostela. O elenco de personaxes e *faits divers* ilustran un fragmento de vida histórica na Compostela actual. Personaxes de variada traza, dende a clase media con ínfulas capitalinas ó mendigo preindustrial, que orixinan escritas contrapostas –literatura de decepción versus poesía pasoliniana da bela xente que ignora as meiguices burguesas–. Individuos que non pretenden ser arquetípicos, e que, tocados polo anxo do singular, camiñan sós pola cidade e pola historia.

O autor e Edicións Xerais queren ofrecerlles aos lectores de Vieiros este [pequeno agasallo](#) polo Día da Patria.

Bieito Iglesias (Ourense, 1957) leva unha década longa exercendo como prosador ficcionista. Os froitos deste traballo son os libros de relatos 'Aventura en Nassau' (1991), 'Miss Ourense' (1994) e 'O mellor francés de Barcelona' (1999); as novelas 'Vento de seda' (1992), 'Bajo las más bellas estrellas' (Premio Novela Ciudad de Salamanca 1999), a noveleta 'A noite das cabras do aire' (Premio Merlín 1999) e, finalmente, esta 'Vida apoteósica' (2001) que presentamos aquí.